

ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, publícase que o alcalde ditou a seguinte:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos postos á disposición da Alcaldía a través da plataforma de tramitación electrónica de expedientes municipais (TEDEC).

TENDO EN CONTA que, mediante resolución de Alcaldía nº 840/2023 do 20/06, acordouse constituír Xunta de Goberno local do Concello de Oroso, como órgano de carácter necesario, integrado pola Alcaldía, que a preside, e polos concelleiros D^a. Licia López Gándaras (1era Tenente de Alcalde); D. José Carlos Mosquera Boo (2º Tenente de Alcalde); D. Óscar Rodríguez Piñeiro (3er Tenente de Alcalde); e D. Carlos Fernández Barreiro (4º Tenente de Alcalde).

TENDO EN CONTA mediante a referida Resolución de Alcaldía se establece que a Xunta de Goberno local, previa convocatoria realizada ao só efecto por esta Alcaldía, realizará sesións ordinarias na denominada “Sala de Xuntas” o primeiro e o terceiro martes de cada mes ás 9:30 horas en primeira convocatoria e unha hora despois en segunda; que no caso de que coincida nun día inhábil, a sesión realizarase o día inmediatamente anterior ou posterior; que a Alcaldía poderá adiantar ou retrasar as sesións ordinarias, así como suspendelas, con ocasión de períodos vacacionais, sempre que isto non menoscabe a xestión dos asuntos municipais da súa competencia.

LOGO DE VER que mediante resolución de Alcaldía nº 1004/2023 do 24/07 procedeuse a modificar a resolución de Alcaldía nº 840/2023 fixando a hora de celebración da sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local para as 15:30 horas.

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con esta data **RESOLVO**:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión ordinaria da XUNTA DE GOBERNO LOCAL para:

Día: 2/07/2024

Hora: 15:30 horas a 1.ª convocatoria e, se procedese, ás 16:30 horas a 2ª.

Lugar: salón do pleno da Casa do Concello.

Orde do día:

I PARTE RESOLUTORIA

1 Aprobación de actas das sesións da Xunta de Goberno local

1.1 Acta da sesión ordinaria que tivo lugar o 19/06/2024. Acta 11/2024.

1.2 Acta da sesión extraordinaria que tivo lugar o 27/06/2024. Acta 12/2024.

2.Xestión Económica.

2.1. Aprobar se procede recoñecer as obrigas derivadas da relación de facturas 61/2024 preparadas polo departamento de Intervención por importe total de 1.041,98 euros (EXP. 2024/G006/000061).

2.2. Aprobar se procede o recoñecemento das obrigas derivadas da relación de facturas 63/2024 preparadas polo departamento de Intervención por importe total de 1.901,43 euros (EXP. 2024/G006/000062).

2.3. Aprobar se procede o recoñecemento das obrigas derivadas da relación de facturas 66/2024 preparadas polo departamento de Intervención por importe total de 8.239,89 euros (EXP. 2024/G006/000066).

2.4. Aprobar se procede o recoñecemento das obrigas derivadas da relación de facturas 62/2024 preparadas polo departamento de Intervención por importe total de 79.133,16 euros (EXP. 2024/G006/000063).

2.5. Aprobar se procede a autorización, disposición e recoñecemento das obrigas derivadas da relación de facturas 64/2024 preparadas polo departamento de Intervención por importe total de 13.730,37 euros (EXP. 2024/G006/000064).

2.6. Aprobar se procede a autorización, disposición e recoñecemento das obrigas derivadas da relación de facturas 65/2024 preparadas polo departamento de Intervención por importe total de 4.868,61 euros (EXP. 2024/G006/000065).

2.7. Aprobar se procede o recoñecemento das obrigas derivadas da relación de facturas 60/2024 preparada polo departamento de Intervención por importe total de 10.132,54 euros (EXP. 2024/T003/000066).

II PARTE DE CONTROL

3 Rogos e preguntas.

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da xunta de goberno, REMITÍNDOLLES a minuta da acta que se eleva a súa aprobación e as propostas de resolución dos asuntos incluídos na orde do día, poñendo a súa disposición as propostas de acordo na sede electrónica do Concello no apartado “portal dos cargos electos” (<https://sede.orosogal.gov.es>).

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.orosogal.gov.es>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso asinado dixitalmente polo Secretario.

Federico Suárez Cancelo.